UNIVERSIDADE
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Domingo Docampo Amoedo
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Pedro Merino Gómez
D. Javier de Vicente Remesal
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. Jose M. Da Rocha Álvarez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Julio Taboada Pérez
Dª. Margarita Estévez Toranzo
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. J. Angel Álvarez Moreira
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Guillermo De Oca Cancela
D. José Durany Castrillo
D. Manuel Fernández Areal
D. Alberto Gago Rodríguez
D. José Mª Gil Villanueva
D. Alejandro V. Gómez Soler
D. Manuel Gutiérrez Nieto
D. Alfonso Luis López Otero
Dª. Mª del Pilar López Vidal
D. Víctor M. Martínez Cacharrón
D. Andrés Mazaira Castro
D. Carlos Mollinedo Lois
D. Alejandro Padín Mariño
D. Juan Pérez de Obanos Herrero
D. Mariano Pérez-Mtnez Pérez-Amor
D. José Pose Blanco
D. Manuel Reigosa Roger
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Luis Rodríguez Ennes
D. Antonio Rotea Villanueva
D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo
D. Federico Vilas Martín
D. Xoan Xosé Santamaría Conde
D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)

**DESCULPA ASISTENCIA**

D. Pedro Membiela Iglesia
Dª. Elena Sánchez Trigo
D. José Cidrás Pidre

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, de vintecatro de xaneiro de dous mil, ás 9 horas en primeria convocatoria e ás 9:30 horas en segunda, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O luns, **día 24 de xaneiro de 2000**, ás 9:45 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (2-12-99 , 21-12-99).
2º Informe do Rector.
3º Premios Extraordinarios de Doutoramento.
4º Premios Extraordinarios de Fin de Carreira.
5º Convocatoria de eleccións para a renovación parcial do Claustro Universitario (sector estudiantes, artigo 77.f) dos Estatutos).
6º Regulamento da medalla de ouro e da insignia de ouro da Universidade de Vigo.
7º Apoio á celebración do Ano Mundial das Matemáticas (AMM2000).
8º Asuntos de profesorado: prazas BOE, transformacións, visitantes.
9º Proposta de avaliación das solicitudes de complemento específico de mérito docente (quinquenios)
10º Resolución de solicitudes de quinquenios pendentes.
11º Rogos e preguntas

**Punto 1.**

*Acta 2-1-1999*

Acéptanse as alegacións dos profesores Pérez Amor e Surís e do Sr. Álvarez Moreira que se incorporan á redacción definitiva.

Sométese a aprobación:

| | |
|---|---|
| Votos a favor | 17 |
| En contra | 0 |
| Abstencións | 1 |

Apróbase.

*Acta 21-12- 1999*

Acéptanse as alegacións dos Sres. Álvarez Moreira e Gómez Soler que se incorporan á redacción definitiva.

O Sr. Santamaría pide que conste en acta o seguinte :

*" O representante de FETE-UXT, Sr. Santamaría, pide a palabra para formular obxeccións ás actas das sesións anteriores que se someten a aprobación .O Rector lémbralle que, segundo o Regulamento de Xunta de Goberno, o prazo para presentación de alegacións, por Rexistro Xeral, finalizou o venres 21, polo que non procede acceder á súa pretensión.*

*O interviniente invocara no seu favor a xerarquía normativa garantida polo art. 9º.3 da Constitución vixente, en virtude da cal pide a aplicación do art.27.2 do Cap. II do Tít. II da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común (LRXAP e PAC ), sobre órganos colexiados: "... cualquier miembro - de órgano colexiado- tiene derecho a solicitar la transcripción íntegra de su intervención o propuesta, siempre que aporte en el acto, o en el plazo que señale el Presidente, el texto que se corresponda fielmente con su intervención, haciéndose así constar en el acta o uniéndose copia a la misma "."*

Apróbase por asentimento.

**Punto 2:**

Neste punto o Rector da lectura a un texto, aprobado na reunión da CRUE dos días 20 e 21 de xaneiro, de condena do último atentado terrorista. A CRUE convoca a un paro de 5 minutos o día 26, ás 12 horas, en tódalas universidades españolas.

Ademáis informa sobre:

- As recentes resolucións do Tribunal Contencioso Administrativo sobre o recurso de FETE/UGT. Nesas resolucións decrétase a non suspensión do concurso das residencias.

- A sinatura do convenio coa Consellería de Política Territorial para obras no Campus de Lagoas-Marcosende por un importe de 2000 millóns de pesetas.

- O acordo acadado entre goberno e sindicatos sobre promoción de profesorado.

- O acto de San Tomé de Aquino que terá lugar o día 27 de xaneiro no Rectorado.

Por último informa á Xunta de Goberno sobre a proposta dos profesionais de recoñecido prestixio para a elaboración dos plans de Estudio na Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial. Son os seguintes:

| | |
|---|---|
| Especialidad Eléctrica: | D. Gonzalo Pérez Zunzunegui<br>D. José Jesús Rodríguez Muñiz<br>Suplentes:<br>D. Eugenio Fuentes Migón<br>D. José Llopiz Gallardo |
| Especialidad Electrónica: | D. José Luis Nieto Riudavets<br>D. José Alonso Amigo<br>Suplentes:<br>D. Marcial González Bermello<br>D. Manuel M. Pina Ameijeiras |
| Especialidad Mecánica: | D. José Escobar Fráguas<br>D. Antonio Fernández Lino<br>Suplentes:<br>D. José M. Fouces Díaz<br>D. Alfredo Rial Fernández |
| Especialidad Química: | D. José Trigo Cochón<br>D. Francisco López González<br>Suplentes:<br>D. Victoriano Rodríguez Pérez<br>D. José M. Castro Patiño |

**Punto 3**. Apróbase por asentimento a proposta seguinte dos Premios Extraordinarios de Doutoramento, recibida da Comisión de Doutoramento:

| | |
|---|---|
| Bioloxía: | D. Marcos Pérez Losada<br>D. José Andrés Abad |

Enxeñería Industrial: D. Xosé Manuel López Fernández
D. Antonio Fernández Álvarez

Física: Dona Luisa María Segade Zas

Enxeñería de Telecomunicacións: Dona Nuria González Prelcic
Dona María Dolores Valdés Peña

Química: Dona Beatríz Domínguez Olmo
D. José Manuel Leâo Martíns

Ciencias Económicas e Empresariais: Xabier Labandeira Villot

**Punto 4.**

A Secretaria Xeral explica que no programa informático que se está a aplicar para valoración de expedientes ( en base a normativa de Premios Extraordinarios Fin de Carreira aprobada en Xunta de Goberno de 8 de novembro de 1999), son titulados nun curso académico aquelas persoas que pagaron nese curso os dereitos de expedición do título. Tendo en conta que no espírito do texto está premiar os mellores expedientes de cada promoción, parece necesario reformar a normativa indicando donde proceda "persoas que finalizaron os estudios no curso..." e non "titulados". A reforma do regulamento será sometida a aprobación na vindeira Xunta de Goberno e a continuación se fará a oportuna reforma no programa informático.

**Punto 5.**

En base ó establecio no artigo 77 f) da Universidade de Vigo, acórdase aprobar o inicio da tramitación para a convocatoria de eleccións o Claustro ( sector estudiantes ) e seguir o procedementos que se fixa no regulamento de réxime interno do Claustro.

**Punto 6.**

A Secretaria Xeral presenta a proposta de regulamento.

O Sr. Gómez Soler, en nome do Sr. Álvarez Moreira, fai as seguintes propostas.

1) Na introducción engadir o seguinte:

a) A Universidade de Vigo instituie as distincións honoríficas que se regulan no presente regulamento, para facer patente o seu recoñecemento a persoas individuais o instituciones, tanto autonómicas, como estatais ou comunitarias ou estranxeiras, que se destacasen no campo da docencia, da técnica o do arte, o que prestasen servicios destacados a Universidade de Vigo.

b) A Universidade de Vigo establece dous índoles distintas de distinción: A Medalla da Universidade de Vigo e a Insignia da Universidade de Vigo.

Sométese a proposta a votación:

| | |
|---|---|
| A favor da proposta | 3 votos |
| En contra | 13 votos |
| Abstencións | 7 |

Mantense o texto.

2) Engadir no artigo 3 o seguinte:

A proposta corresponderá ó Rector, o a unha quinta parte da Xunta de Goberno.

Acéptase co seguinte matiz na redacción: A iniciativa da proposta corresponde ó Rector ou a unha quinta parte da Xunta de Goberno.

3) Cambiar o artigo 4 polo seguinte:

A concesión da insignia de ouro da Universidade correspónderalle ó Rector, a proposta propia, dunha Xunta de Centro, ou dun Consello dun Departamento ou Instituto, quen deberá informar da mesma a Xunta de Goberno, antes da súa imposición.

No caso que a proposta parta dun dos órganos colexiados, deberá conta co voto favorable da maioría absoluta dos membros que o integren.

Sométese a proposta a votación

| | |
|---|---|
| A favor da proposta | 0 votos |
| En contra | 21 votos |
| Abstencións | 6 |

Mantense o texto.

4) Modificar o artigo 6 por:

No anverso da medalla e da insignia figurará o escudo da Universidade, coa súa lenda, e no reverso a rotulación " A Universidade de Vigo a ..., Día..."

A medalla terá forma circular, de 45 mm. de diámetro contando na súa parte superior un eslabón polo que pasará anudado un doble cordón dourado.

A insignia terá a forma do escudo da Universidade, coas súas dimensións proporcionais e un máximo de 25 mm. de lonxitude.

O Rector indica que non parece conveniente detallar en exceso a descripción da medalla e a proposta se retira.

Por último vótase o regulamento en conxunto coa reforma introducida no artigo 3:

A favor 22 votos
En contra 0 votos
Abstencións 4

Apróbase.

**Punto 7.**

Apoio á celebración do Ano Mundial das Matemáticas (AMM2000)

Apróbase por asentimento.

**Punto 8.**

* Prazas BOE, apróbanse por asentimento:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| H02 | 583 | TIT-UNI | VIGO | Mª Jesús Fariña Busto |
| T09 | 570 | TIT-EU | OURENSE | D. Celso Campo Bastos |

Indícase que debe ser revisada a data de remisión ó BOE da praza proposta polo Departamento de Linguaxes e Sistemas Informáticos.

* Transformacións:

| | | | |
|---|---|---|---|
| H06 | 814 | Lorenzo García, Mª Lourdes | de PP1 a PP2 |
| T01 | 515 | Pelaez Lourido, Gustavo | de PP1 a TIT-UN interino |
| T10 | 595 | Martínez Blanco, José Mª | de ASO T3-P3 a ASO T3-P6 |
| X06 | 225 | Álvarez García, Begoña | de PP1 a PP2 |
| X06 | 225 | Miles Touya, Daniel Gustavo | de PP1 a PP2 |
| X06 | 225 | Gradín Lago, Carlos Manuel | PP1 a PP2 |
| X07 | 230 | Pereira Somoza, Joaquín | de ASO T3-P6 a ASO T3-P3 |
| X07 | 230 | Zugazagoita Rodríguez, Beatriz | de ASO T3-P3 a ASO T3-P6 |

Acéptase a proposta do profesor Corbacho, que os efectos da transformación de D. José Mª Martínez Blasnco de P3 a P6 sexan con efectos da impartición da docencia .

A proposta do profesor Santamaría, indícase que deben ser revisadas as datas propostas de transformación dos profesores de Economía Aplicada

* Visitantes. Apróbanse por asentimento:

Don Jesús Ricardo Illan González, con la categoría de Titular Universidade, desde 22-02-2000 hasta 30 de septiembre de 2000, en el Departamento T10 de Matemática Aplicada.

**Punto 9.**

Presenta este documento o Vicerrector de Docencia e Alumnnado que aclara un erro do apartado d.3 (debe dicir 4,4 en lugar de 4,2).

O Sr. Gómez Soler ( en nome do Sr. Álvarez Moreira ) fai as seguintes propostas:

1) engadir no parágrafo 5 o seguinte:

Unha vez os resultados sexan definitivos a comunidade universitaria poderá consultar as cualificacións individuais por asignaturas nas Bibliotecas e nas Direccións ou Decanatos dos Centros onde impartiron a súa docencia.

Despois de escoitar as intervencións de varios membros da Xunta de Goberno, acéptase esta proposta.

2) Engadir no apartado 2.a) a seguinte frase:

O Director ou Decano deberá informar á Xunta de Centro sobre os cumprimentos de docencia e presentación de actas antes da data límite para entrega de actas de exame, aprobada pola Xunta de Goberno no calendario Académico anual, do PDI que solicite o Informe.

Varios membros da Xunta de Goberno están dacordo con esta proposta e din que a entrega de actas en prazo debe figurar entre as obrigas docentes básicas. Outros membros da Xunta opinan que trátase máis ben dun problema disciplinario que de mérito docente. Depois do debate, o Rector fai a seguinte proposta:

Incluir nalgún regulamento dos existentes (posiblemente nas normas de organización docente) un artigo que estableza que os Directores e Decanos de Centro deben informar á Xunta de Centro do cumprimento dos prazos de entrega de actas. Detectado un incumprimento poderá considerarse como reclamación para os efectos de aplicación do apartado 2 a) do regulamento de avaliación de solicitudes complementos de mérito docente.

Acéptase esta proposta por asentimento.

3) No apartado d.1) cambiar 2,8 por 3 e 4,5 por 5.

Sométese a votación:

| | |
|---|---|
| A favor da proposta | 4 votos |
| En contra | 17 votos |
| Abstencións | 3 |

Mantense o texto.

4) Eliminación do apartado d.3)

Retírase esta proposta.

5) Engadir no apartado e) o seguinte :

As resolucións da Comisión esgotan a vía administrativa, polo que sólo poderán ser recurridas ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Retírase esta proposta.

O Sr. Rotea considera máis conveniente que no apartado 2.e) se diga:

... descritas no punto anterior ou anteriores...

Acéptase.

O profesor Corbacho propón a supresión dos apartados d)2 e d)3. Sométese a votación:

| | |
|---|---|
| A favor da proposta | 2 votos |
| En contra | 17 votos |
| Abstencións | 5 |

Mantense o texto.

Por último vótase todo o documento cos cambios introducidos:

| | |
|---|---|
| A favor | 23 votos |
| En contra | 2 votos |
| Abstencións | 3 votos |

Apróbase ( ANEXO).

O profesor Pérez Amor explica a súa abstención e pide que conste en acta o seguinte.

*Al ser las encuestas de evaluación docente un componente llave a la hora de la aprobación de un quinquenio de mérito docente y al no estar personalmente de acuerdo con el modelo de encuesta dado que deja abierta la posibilidad de que dicha encuesta pueda tener una gran componente subjectiva ( como ya ha dejado constancia en otra Junta de Gobierno y que no se subsanó en el nuevo modelo, sino todo lo contrario) quiero hacer constancia expresa en el Acta de mi abstención.*

**Punto 10.**

O Vicerrector de Docencia e Alumnado indica que hai tres solicitudes pendentes de

resolución de complemento de mérito docente correspondentes o período 94-98 que foron analizadas no ano 99 na Comisión de Docencia. Tendo en conta que esas solicitudes no cumplen a normativa vixente nese momento, habería que denegar a concesión do quinquenio. A Comisión de Docencia acordou trasladar a decisión á Xunta de Goberno.

O profesor Corbacho pregunta que pasaría se se aplicara a nova normativa que se acada de aprobar nesta mesma Xunta de Goberno. O Vicerrector indica que nun dos tres casos se cumpriría.

Sométese a consideración da Xunta de Goberno a decisión de aplicar a normativa vixente ata o ano 1999:

| | |
|---|---|
| A favor | 22 votos |
| En contra | 0 votos |
| Abstencións | 4 |

Apróbase denegar as solicitudes de quinquenios pendentes.

**Punto 11.**

O Sr. Martínez Cacharrón pregunta se se vai facer máis pola normalización lingüística ( o Vicerrector de Extensión Universitaria responde que se va a aumentar o número de cursos de galego, que haberá unha campaña dirixida ó profesorado e que se está estudiando o regulamento do uso do galego ).

Pregunta se se fixeron xestións cos empresarios do cine para que os universitarios teñan descontos nas entradas ( o Rector responde que en breve se vai firmar un convenio coa Asociación de Empresarios do Cine de Vigo, que se tratará de estender a Ourense e Pontevedra).

Pregunta polos locais das asociacións de alumnos ( respóndese que estanse a reasignar espacios no edificio de Fundición).

Roga que se faga unha campaña informativa entre os estudiantes sobre as eleccións o Claustro que terán lugar neste trimestre. Esta campaña incluiría información sobre a Universidade, que é o claustro, o calendario electoral, a conveniencia de participar etc.

A profesora López Vidal pregunta o seguinte:

*Exigir: Se comunique inmediatamente a los Centros, las variaciones en la situación del profesorado con el fin de poder organizar la docencia y, en algunos casos, no caer en graves irregularidades.*

*El 13-1-00 se recibe en la E. Emp. escrito firmado por el Rector comunicando la baja en la Universidad de un profesor con fecha 28-10-99 ( 2 meses y medio de demora ). Profesor que además era subdirector.*

*Pudo haber seguido de subdirector sin pertenecer a la Universidad durante 2 meses y medio. No fue así porque se pidió su sustitución con fecha 1-11-99 ( irregularidad de 4 días) porque el interesado indicó que previsiblemente ya cesaba en octubre y una profesora del área también lo notifió. Ninguno de los dos son el cauce oficial.*

*Preguntas:*

*- Porqué se produce una demora de este tipo ?*
*- Las irregularidades en que se incurriera ¿ quién es el responsable ?*

*Preciso una respuesta clara y rápida a estas cuestiones.*

O Sr. Gómez Soler pregunta cando se vai dispor das normas de organización docente ( respóndese que en febreiro). Roga que dende Secretaría Xeral se difunda entre os estudiantes de Xunta de Goberno o informe da reunión de estudiantes en Madrid ( sobre o informe Brical). Roga que se faga unha campaña institucional sobre as eleccións ó Claustro. Roga que cando un Departamento oferte un curso de postgrado ou masters debe ofertar na mesma proporción prazas en programas de doutoramento .

O Sr. Gómez Soler, en nome do Sr. Álvarez Moreira, entrega os seguinte rogos e preguntas:

*Ruego conteste ( y sea reseñada en el acta, de manera somera, el sentido de las respuestas).*

*Con respecto a la no entrega de Actas de calificaciones de diciembre por parte de algunos docentes:*

*¿ Qué opinión le merece que algunos PDI aún no hayan entregado mencionadas Actas?*
*¿Va a tomar alguna medida contra los docentes que se encuentren en esta situación, como por ejemplo apertura de Expediente Informativo y a continuación, caso de no haber circunstancias de fuerza mayor, sanción de 1 dia de empleo y sueldo por cada día de retraso?*
*¿ Por causa de esta falta de entrega de algunas Actas, se va a ampliar oficialmente la fecha de Ampliación de Matrícula?*

*Con respecto a algunos permisos de PDI deseo plantear las siguientes cuestiones:*

*¿Cuándo vamos a dejar de dar permisos a personas que ya se han ido ?, es decir, ¿Cuándo dejarán de llegar a esta Junta de Gobierno solicitudes de permisos con carácter retroactivo?*

*¿Qué pasaría si algún día no se concediese un permiso y la persona no estuviera en la Universidad sino que estuviera empleándolo y/o disfrutándolo?, ¿ Se podría considerar que el docente se encuentra en la situación contemplada en el artículo 31. C de la Ley 30/84 de Medidas para la Reforma de la Función Pública " abandono de servicio?*

o Sr. Gago ( en nome do profesor Cidrás) roga que conste o seguinte :

*En la información enviada a los miembros de la X. G. sobre este punto consta la relación de los doctores propuestos para cada uno de los premios extraordinarios, sin mención alguna de la actuación de los tribunales de acuerdo con el artículo 30.6 del "Regulamento dos Estudios de Terceiro Ciclo da Universidade de Vigo"*

*Por otra parte, el pasado año la X. G. aprobó la normativa de premios extraordinarios de fin de carrera, dejando patente la conveniencia de fijar criterios objetivos para su concesión. En el mismo sentido, en la X.G. del 2-12-99 se aprobaron los criterios de avaluación de la producción científica en los que nuevamente se puso de manifiesto la utilización de índices de calidad e naturaleza objetiva y reconocidos a nivel nacional e internacional.*

*En consecuencia, parece adecuado que la X. G. actúe en la misma línea en la concesión de los premios extraordinarios de doctorado, es decir, que promueva y garantice la aplicación de los criterios objetivos habituales en la evaluación de trabajos de investigación, como, por ejemplo, los que sugiere la Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora.*

*Por todo ello, antes de pronunciarse sobre este punto, la X. G. debería disponer de información sobre los criterios que utilizaron los tribunales de los citados premios extraordinarios.*

O Sr. Reigosa ( en nome do profesor Cidrás ) roga que conste o seguinte:

*En la Xunta de Goberno del día 21/12/99 ante mi intervención referente a la dificultad de gestión de los presupuestos de los departamentos se dio una interpretación, por parte del Xerente de la universidad que creo no se ajustaba a lo expuesto.*

*Por ello, considero oportuno realizar algunas puntualizaciones sobre mi intervención en la citada Xunta de Goberno, relativas a las fechas de envío de las asignaciones presupuestarias a los departamentos.*

*En primer lugar, quiero aclara que a lo largo de mi intervención no hice mención al retraso en la incorporación de las partidas de "Remanente" y de "Presupuesto Ordinario;, sino a la distribución temporal con que llegan a los departamentos las distintas asignaciones. Y como ejemplo de ello se relacionan a continuación las cantidades y fechas de incorporación de las distintas partidas presupuestarias del departamento de enxeñería eléctrica que dirijo.*

*Presupuesto ordinario: 1.210.000 pts (20 de abril de 1999)*
*Remanente 1998: 2.005.190 pts ( 28 de abril de 1999)*
*Tercer Ciclo: 647.284 pts ( 1 de junio de 1999)*
*Otros (FEUGA,..):8.680 pts ( 3 de junio de 1999)*
*Producción científica ( 1ª parte): 902.004 pts ( 25 de junio de 1999)*
*Otros ( FEUGA,..): 162.688 pts ( 30 de agosto y 6 de octubre de 1999)*
*Producción científica ( 2ª parte, y definitiva): 1.027.547 pts ( 7 de octubre de 1999)*

*Otros ( dietas de profesores en otros campus):  16.068 pts (  28 de diciembre de 1999)*
*Esta última incorporación se realizó después de la fecha de la Xunta de Goberno.*

*Por otra parte el gasto del departamento a 31/12/99 fue de 5.513.121 pts.*

Non tendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13:00 horas do día 24 de xaneiro do 2000 do que como Secretaria dou fe, co visto e prace do Sr. Rector.

| | |
|---|---|
| O Rector | A Secretaria Xeral |
| Domingo Docampo Amoedo | Margarita Estévez Toranzo |